

Expediente: CON2023000070

Referencia interna: 2023/00053654E -

Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

Tipo de contrato: Servizos Procedemento: Aberto

## INDICE

<b>CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS .....</b>	<b>3</b>
1. OBXECTO E NECESIDADE DO CONTRATO.....	3
2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.....	5
3. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN .....	5
4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR E SOLVENCIA.....	8
5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO .....	10
6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.....	10
7. EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO .....	12
8. REVISIÓN DE PREZOS.....	12
9. PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN .....	12
<b>CAPÍTULO II - ADXUDICACIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>13</b>
10. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN .....	13
11. GARANTÍAS.....	20
12. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.....	21
13. CONTIDO DAS PROPOSICIÓN.....	22
14. MESA DE CONTRATACIÓN.....	24
15. APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN .....	25
16. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN.....	26
17. ADXUDICACIÓN .....	28
<b>CAPÍTULO III - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>29</b>
18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO .....	29
<b>CAPÍTULO IV - EXECUCIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>30</b>
19. RESPONSABLE SUPERVISOR DO OBXECTO DO CONTRATO E UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO DO CONTRATO.....	30
20. EXECUCIÓN, RESPONSABILIDADE DA EMPRESA CONTRATISTA.....	31
21. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DA EMPRESA CONTRATISTA.....	36
22. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA.....	36
23. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS.....	38
24. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO .....	39
25. CESIÓN DO CONTRATO .....	42
26. SUBCONTRATACIÓN .....	42
<b>CAPÍTULO VI - MODIFICACIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>43</b>
27. MODIFICACIÓN DO CONTRATO .....	43
28. SUSPENSIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO .....	44
<b>CAPÍTULO VII - FINALIZACIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>44</b>
29. EXTINCIÓN DO CONTRATO POR CUMPRIMENTO. RECEPCIÓN .....	44
30. RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO .....	44
31. PRAZO DE GARANTÍA.....	45
32. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA .....	45
33. CONFIDENCIALIDADE.....	46
<b>CAPÍTULO VIII - LINGUA DA DOCUMENTACIÓN .....</b>	<b>49</b>
35. LINGUA GALEGA .....	49
ANEXO I - MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS .....	51

ANEXO II -MODELO DE DECLARACIÓN DE UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (UTE) .....	52
ANEXO IV - MODELO DE DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC.....	59
ANEXO V - DECLARACIÓN PARA OS EFECTOS DE INTEGRAR A SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS.....	63
ANEXO VI -MODELO DE PRESENTACIÓN DE SOLVENCIA ECONÓMICA DO ADXUDICATARIO .....	64
ANEXO VII -MODELO DE PRESENTACIÓN DE SOLVENCIA ECONÓMICA DO ADXUDICATARIO .....	65
ANEXO VIII -MODELO DE PRESENTACIÓN DE SOLVENCIA TÉCNICA .....	66
ANEXO IX -MODELO DE AVAL.....	67
ANEXO X Listado de subrogación .....	68

# PREGO CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

## CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

### 1. OBXECTO E NECESIDADE DO CONTRATO

#### Obxecto

O obxecto desta licitación é a prestación integral do servizo de axuda no fogar realizado preferentemente no domicilio, que proporciona, mediante persoal cualificado e supervisado, un conxunto de actuacións preventivas, formativas, rehabilitadoras e de atención ás persoas e unidades de convivencia con dificultades para permanecer ou desenvolverse no seu medio habitual.

O servizo de axuda no fogar, nas súas modalidades de prestación básica e de atención á dependencia pretende unha atención integral ás persoas usuarias para dar resposta á totalidade das necesidades da persoa e na que destaca o carácter educativo e preventivo de todas as actuacións, consonte os requirimentos técnicos establecidos no prego de prescricións técnicas e baixo a dirección e control públicos que serán efectuados polo departamento municipal competente en materia de benestar social.

O contrato executarase de acordo con este prego e co establecido no PPT.

#### Necesidade

O Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, obriga a todos os concellos de Galicia a establecer o servizo social comunitario básico de axuda a domicilio.

*Esta norma obriga aos concellos titulares do servizo a dar de alta ás persoas en espera de acordo coa orde de prelación establecido no programa de asignación de recursos para a modalidade do Servizo de Axuda no Fogar por dependencia.*

O crecente envellecemento da poboación neste municipio (23,55 % das veciñas e veciños residentes en Compostela, segundo a análise realizada a partires dos datos facilitados polo Departamento municipal de Estatística, dos cales o 19,78 % son persoas maiores que residen soas) supón que a demanda do servizo de axuda a domicilio básico sexa, tamén, crecente. Isto obriga a que este Concello artelle os mecanismos para dar unha resposta adecuada a tal necesidade.

Como o concello non dispón dos medios persoais e materiais necesarios para levar a cabo esta prestación de axuda no fogar é preciso contratala.

### CPV

Ao obxecto do contrato correspóndenlle o seguinte código do Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea:

- 85312000-9 – Servizos de asistencia social sen aloxamento

### División en lotes

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no artigo 99 establece o seguinte: 99.3.- *Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. Non obstante ao anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, agás nos casos de contratos de concesión de obras.*

Dando cumprimento ao establecido no artigo 46.1 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE e no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, non procede a división en lotes do obxecto do contrato polos seguintes motivos:

- Experiencias anteriores na prestación deste servizo (algunha delas con dúas empresas adxudicatarias), púidose constatar que si ben, a división en lotes, pode propiciar nun momento dado a maior participación das empresas na implementación do servizo (aspecto positivo dende a óptica mercantil, que favorece a incorporación de medianas empresas na execución do SAF), apostando por unha diversificación, pola contra, tamén existen importantes dificultades, inherentes ás propias características do servizo de axuda no fogar, que se poderían solventar si existe unha única empresa que o preste.
- A Xunta de Galicia é a Administración Pública determina semanalmente a listaxe de persoas que poden acceder ao SAF na modalidade de “dependencia” (listado PAR SAF). A existencia de dous lotes, dependendo da realidade social do momento, pode ocasionar que se poidan dar altas nun deles e non no outro, por terse chegado ao teito económico de contrato. Isto ocasiona que a veciñanza de Santiago de Compostela non se atope en condicións de “igualdade”, nun momento dado, para o acceso efectivo ao servizo. A Xunta de Galicia, en inspección realizada ao departamento municipal de Servizos Sociais con data 20 de outubro de 2023, reitera a necesidade de dar as altas efectivas no servizo con estrita suxeición á listaxe de PAR SAF que se publica semanalmente no aplicativo SIGAD.
- No mesmo caso se atopan as persoas que solicitan o SAF na modalidade de “libre concorrência”. O teito do contrato en ámbolos dous lotes vai condicionar a posibilidade de acceder ou non. Isto provocou que nunha determinada zona

do concello se puidera acceder ao servizo e que noutra, pertencente a este mesmo termo municipal, fora imposible, xerando “desigualdade”.

- A realidade social da veciñanza, a necesidade de recibir servizos de proximidade (como é o servizo de axuda no fogar) para garantir o seu benestar e as urxencias vitais nas que compre intervir, non se poden prever no tempo.
- Por último, indicar que as horas que ten asignadas a Xunta de Galicia ao concello de Santiago de Compostela en materia de “dependencia” están esgotadas (10.529 horas/mes). É vontade deste concello solicitar unha ampliación do número de horas á Xunta de Galicia para ampliar a necesaria modalidade de “SAF dependencia”, tendo presente a lista de espera que existe na actualidade (e que xa supera as 100 persoas). Para poder ampliar o número de horas, ademais da debida concesión por parte da Administración Autonómica, o concello de Santiago de Compostela debe dispor dun contrato cun teito amplo que permita dar cobertura a esa intensidade horaria.

Polos motivos anteriormente mencionados, o obxecto do contrato non se divide en lotes, de acordo co artigo 99.b) da LCSP, xa que é necesario dispoñer dun servizo de axuda no fogar capaz de dar resposta áxil e eficiente ás necesidades sociais da veciñanza, en especial daquelas persoas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade social, en condicións de igualdade dentro do mesmo municipio. A división en lotes non permitiría aproveitar as sinerxías que se derivan dun único contrato naqueles casos en que hai que dar resposta urxente a situacións de necesidade en distintos lugares. Ademais a lista de usuarios que optan a esta prestación é única cunha orde de prelación establecida pola Xunta que debe respectarse.

## **2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

**2.1.** O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

**2.2.** O devandito órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, posúe as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito da empresa contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

## **3. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

### **3.1. A contratación que se vai realizar rexeráse por:**

- Este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes, e polo establecido no correspondente prego de prescricións técnicas (en diante PPT).

- En todo o non previsto nos anteditos pregos, estarase ao disposto:

- Na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).
- No Real decreto 773/2015, de modificación parcial do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- No Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, en canto continúe vixente.
- No Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Nas normas regulamentarias que complementen ou substitúan os ditos regulamentos.
- Na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 d outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- E nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación.

### **3.2. Tipificación do contrato**

O contrato tipifícase como contrato administrativo de servizos, de conformidade co establecido nos artigos 17 e 25.1.a) da LCSP.

A este contrato aplícalle o disposto no Anexo IV da LCSP e está suxeito a regulación harmonizada de acordo co establecido no artigo 22 c) da LCSP.

### **3.3. Procedemento de adxudicación e forma de tramitación do expediente.**

Para a adxudicación desta contratación aplicarase o procedemento aberto conforme o disposto nos artigos 131 e 156 a 158 da LCSP.

A súa tramitación será ordinaria.

### **3.4. Recursos.**

3.4.1. Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo os actos relacionados no número 2 do artigo 44 da LCSP:

- Os anuncios de licitación, os pregos e documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da mesa de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de

licitadores ou admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149 da LCSP.

- Os acordos de adxudicación.
- Os acordos de modificación contractual baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da lei por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

O recurso especial en materia de contratación é potestativo e gratuíto para os recurrentes.

Non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios contra os actos enumerados neste punto.

Os actos anteriores, de non presentarse contra eles recurso especial en materia de contratación, poderán impugnarse directamente mediante a interposición do recurso contencioso-administrativo de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O recurso especial en materia de contratación administrativa deberá interpoñerse ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (rúa Raxeira, 52-2º, 15781, Santiago de Compostela). A presentación deste recurso poderá efectuarse por medios electrónicos a través de: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>.

Para maior información poden acceder á web: <https://tacgal.xunta.gal>.

3.4.2. Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos administrativos que non reúnan os requisitos do 3.4.1 poderán ser obxecto de recurso, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**3.5.** A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente de acordo coa súa normativa reguladora recollida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

As cuestións litixiosas resolveranse perante os órganos xurisdicionais da Comunidade Autónoma galega, polo que se entende que os contratistas renuncian ao seu propio foro se fose distinto do anterior.

3.6. En caso de discrepancia entre este prego e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, esta resolverase en base ao principio de especialidade do regulado en cada un deles.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte del non exime ao contratista da obrigatoriedade do seu cumprimento.



#### 4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR E SOLVENCIA

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións para contratar deberán determinarse con referencia á data de remate de presentación das ofertas e subsistir no momento de perfeccionar o contrato.

##### 4.1. Capacidade

Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da LCSP (extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 85 da LCSP) e acrediten a súa solvencia económico-financeira e técnica ou profesional.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas, ter unha finalidade, obxecto ou ámbito de actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte das súas respectivas escrituras, estatutos ou regras fundacionais, –e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de estaren inscritas no rexistro que proceda consonte a lexislación do estado onde estean establecidas ou mediante unha declaración xurada ou un certificado nos termos que correspondan regulamentariamente.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante un informe expedido pola misión diplomática permanente ou pola oficina consular de España que corresponda ao domicilio da empresa.

##### 4.2. Solvencia.

###### 4.2.1. Solvencia económica e financeira.

###### 4.2.1.1. Criterio de solvencia.

A solvencia económica e financeira acreditarase, de conformidade co disposto no artigo 87.1 da LCSP, polo seguinte medio:

- Considerarase solvente o licitador que acredite un volume anual de negocios, que referido ao mellor exercicio dentro dos 3 últimos dispoñibles en función da data de presentación das ofertas, sexa, polo menos, igual ou superior á anualidade media do contrato, é dicir, igual ou superior a **6.116.571,50 €**.

###### 4.2.1.2. Medios de acreditación – Volume anual de negocios:

- Se ten depositadas as contas no Rexistro Mercantil mediante unha declaración segundo o modelo que figura no Anexo VI do prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa documentación acreditativa correspondente: contas aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil xunto co xustificante de ter realizado o dito depósito ou calquera outra documentación acreditativa da cifra de negocio.



- No resto dos supostos, mediante unha declaración segundo o modelo que figura no Anexo VII ao prego de cláusulas administrativas particulares e achegando a documentación acreditativa (modelo 390 da declaración anual do IVE de cada ano).

Nota: Por volume anual de negocios debe entenderse o importe neto que figura na conta de perdas e ganancias dos modelos regulamentarios das contas anuais establecidas na lexislación mercantil.

#### 4.2.2. Solvencia técnica

##### 4.2.2.1. Criterios da solvencia técnica ou profesional

De acordo co reflectido no artigo 90.1 da LCSP, a solvencia técnica ou profesional deberá acreditarse (segundo o modelo do Anexo VIII) coa relación dos traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato realizados nos últimos 3 anos que inclúa importe, datas e destinatario dos mesmos.

A estes efectos, estimarase solvente o licitador que nun dos 3 últimos anos acredite ter realizados traballos cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato, é dicir, igual ou superior a **4.281.600,05 €**.

##### 4.2.2.2. Medios de acreditación

A acreditación da solvencia técnica realizarase mediante unha relación, segundo o modelo que figura no Anexo VIII deste prego, dos principais traballos de comprobación e inspección de tributos locais e de recadación executiva realizados nos últimos tres anos, que inclúa o seu importe, as datas e o destinatario. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse, necesariamente, mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente.

##### 4.2.3. Clasificación

Dado que estamos ante un contrato de servizos, non se exige clasificación.

##### 4.2.4. Integración da solvencia con medios externos

Para acreditar a solvencia necesaria para formalizar un contrato determinado, a empresa poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato vai dispoñer efectivamente desa solvencia e medios e a entidade á que recorra no estea incurso nunha prohibición para contratar.

Nas mesmas condicións, as empresas que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 da LCSP poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Por tanto, as empresas licitadoras poderán acreditar os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional baseándose na solvencia e medios doutras entidades.

Consonte o artigo 75.1 da LCSP, con respecto aos criterios relativos aos títulos de

estudos e profesionais que se indican no artigo 90.1 e) ou á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van prestar os servizos para os que son necesarias as ditas capacidades.

4.3. Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire este contrato, sempre que esa participación poida provocar restricións á libre concorrência ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Os contratos que teñan por obxecto a vixilancia, supervisión, control e dirección da execución de calquera contrato, así como a coordinación en materia de seguridade e saúde, non poderán ser adxudicados ás mesmas empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos nin a empresas vinculadas.

## 5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Para os efectos da publicidade e do procedemento de adxudicación que cómpre aplicar, o valor estimado do contrato ascende a 22.019.657,40 € tendo en conta que o número de horas de traballo anuais a executar son 259.947,79 e o prezo por hora máximo estimado é de 23,53 €/hora IVE excluído, de xeito que:

VALOR ESTIMADO TOTAL	
Valor estimado do contrato (2 anos)	12.233.143,00 €
Modificacións previstas contrato (20%)	2.446.628,60 €
Total	14.679.771,60 €
Valor estimado da prórroga (1 ano)	6.116.571,50 €
Modificacións previstas prórroga (20%)	1.223.314,30 €
Total	7.339.885,80 €
TOTAL	22.019.657,40 €

## 6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

### 6.1 Determinación do prezo

Tal e como se recolle no estudo económico realizado para determinar os custos deste contrato, o importe do mesmo calculouse por prezos unitarios.

Para a execución deste contrato estimáronse necesarias 259.947,79 horas de traballo anuais.

O custo por hora deste contrato estimouse en 23,53 €/hora (IVE excluído) en base ao que segue:

CONCEPTO	IMPORTE/HORA
a) Custos de persoal (II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio de Galicia, que non contempla discriminación salarial en función do sexo)	16,15 €/h

CONCEPTO	IMPORTE/HORA
Persoal auxiliar a subrogar	12,69 €/h
Equipo coordinación	1,26 €/h
Absentismo	1,22 €/h
Actualización salarial	0,98 €/h
<b>b) Custos de funcionamento</b>	<b>3,78 €/h</b>
Tempo de desprazamento	1,60 €/h
Tempo de descanso	0,53 €/h
Quilometraxe	1,16 €/h
Costes derivados da actividade sindical	0,18 €/h
EPIs	0,14 €/h
Roupa de traballo / uniformes	0,17 €/h
<b>c) Custos estruturais</b>	<b>0,56 €/h</b>
Aluguer	0,04 €/h
Gastos oficina	0,01 €/h
Medios tecnolóxicos	0,15 €/h
Prevenición riscos laborais	0,12 €/h
Formación persoal	0,24 €/h
<b>d) Custos xerais (primas de seguros seguros + gastos financeiros)</b>	<b>0,70 €/h</b>
<b>e) Servizos complementarios mínimos</b>	<b>0,42 €/h</b>
Axudas técnicas	0,11 €/h
Servizos profesionais	0,31 €/h
<b>f) Incremento por traballo en festivos</b>	<b>0,59 €/h</b>
<b>TOTAL</b>	<b><u>22,20 €/h</u></b>
Beneficio industrial (6%)	1,33 €/h
<b>TOTAL PREZO UNITARIO S/IVE</b>	<b><u>23,53 €/h</u></b>
IVE 4%	0,94 €/h
<b>TOTAL PREZO UNITARIO C/IVE</b>	<b><u>24,47 €/h</u></b>

O prezo por hora de traballo é de 24,47 €, IVE engadido.

## 6.2 Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación deste contrato é de 12.233.143,00 €, de acordo coa seguinte desagregación:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO	
Total S/IVE	12.233.143,00 €
IVE 4%	489.325,72 €
Total C/IVE	12.722.468,72 €

Esta cantidade constitúe o orzamento máximo de gasto que se autoriza para a prestación deste contrato.

O prezo do contrato ascenderá ao 100% do orzamento de licitación, de tal xeito que o orzamento poderá executarse na súa totalidade.

As ofertas presentaranse sobre o prezo unitario (23,53 €/hora, IVE excluído) que ostenta o carácter de máximo de modo que as ofertas que o superen serán rexeitadas.

## 7. EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO

O gasto derivado deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria **020 23100 2270300**, coa seguinte desagregación anual:

DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO	
Anualidade	Importe
2024	3.729.600,53 €
2025	6.361.234,36 €
2026	2.631.633,83 €
TOTAL	12.722.468,72 €

Este contrato tramítase como anticipado de gasto ao abeiro do disposto no apartado segundo da disposición adicional terceira da LCSP de aí que a súa adxudicación quede sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio posterior

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, así mesmo, ao crédito que para cada exercicio se autorice no respectivo orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

## 8. REVISIÓN DE PREZOS

Neste contrato non procede a revisión de prezos.

## 9. PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será de **2 anos**, a contar desde a sinatura da acta de inicio do servizo.

O contrato poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de **1 ano** máis. Esta prórroga será obrigatoria para a empresa contratista sempre que o Concello a avise con, cando menos, 2 meses de antelación á data en que finalice a duración do contrato, ao abeiro do disposto no artigo 29.2 da LCSP.

A prórroga do contrato establecida no apartado 2 do artigo 29 da LCSP non será obrigatoria para a empresa contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 da LCSP, por terse demorado a Administración no pagamento do prezo máis de seis meses.

A garantía definitiva constituída inicialmente poderá aplicarse ao período de prórroga podendo reaxustarse a súa contía.

As prórrogas deberán ser aprobadas con carácter previo á finalización do contrato.

Non obstante, cando ao vencemento do contrato non se formalizase un novo que garanta a continuidade da prestación que realiza a empresa contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que se inicie a execución do novo e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres meses a respecto da data de finalización do contrato orixinario.

No caso de que o contrato se prorrogue, manteranse inalteradas as características da prestación.

A execución do contrato realizarase, de acordo co establecido na cláusula 4.3 do PPT, nos domicilios particulares das persoas usuarias ou das familias das persoas usuarias, dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

## CAPÍTULO II - ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

### 10. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase atendendo a una pluralidade de criterios de adxudicación, ao abeiro dos termos e requisitos establecidos nos artigos 145 e 146 da LCSP.

Os criterios a avaliar son os seguintes:

<i>Criterio</i>	<i>Puntuación</i>	<i>Ponderación</i>
<b>10.1 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR</b>	<b>44</b>	<b>44%</b>
A) Servizo de Axuda no Fogar	22	22%
A.1) <i>Posta en marcha do servizo de axuda no fogar</i>	4	4%
A.2) <i>Organización funcional</i>	4	4%
A.3) <i>Plan de coordinación do servizo</i>	4	4%
A.4) <i>Plan de continxencias</i>	5	5%
A.5) <i>Plan de calidade do servizo</i>	5	5%
B) Recursos Humanos	17	17%
B.1) <i>Organización dos traballos en fins de semana e festivos</i>	6	6%
B.2) <i>Organización do traballo do persoal de atención directa</i>	6	6%
B.3) <i>Plan de formación</i>	5	5%
C) Plan social	5	5%
<b>10.2 CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE OU MEDIANTE FÓRMULAS</b>	<b>56</b>	<b>56%</b>
A) Oferta económica	45	45%
B) Criterios sociais de organización do servizo	6	6%
C) Melloras tecnolóxicas	5	5%
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>100%</b>

## 10.1 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (ATA 44 PUNTOS)

Os licitadores deberán presentar un proxecto técnico no que se valorará a calidade do servizo que se pretende prestar e que deberá cumprir os requisitos establecidos neste prego e no PPT. Deberá desenvolver os epígrafes na orde solicitada, recollendo todos os aspectos que permitan a avaliación da oferta.

Dado que as características, metodoloxía e operativa xeral deste servizo están descritos no PPT, o proxecto deberá tratar especificamente acerca dos aspectos complementarios e/ou que melloren os xa tratados no PPT. Non se avaliarán aquelas propostas de mellora que non teñan relación directa co contido do PPT.

O proxecto será presentado en tipografía arial tamaño de letra 11, entreliñado 1,3 puntos e debe estar correctamente paxinado. O proxecto terá un máximo de 80 páxinas, considerando no cómputo o índice e a portada. Os apartados do proxecto que non respecten este formato non serán lidas e, polo tanto, non serán avaliadas.

Os licitadores poderán incorporar ao proxecto anexos ilustrativos que serán computados no número de páxinas permitido. Estes anexos poderán consistir en procedementos, modelos de informe, protocolos, gráficas ou calquera outra información que se considere relevante para o proxecto e que estea debidamente referenciada.

O índice deberá seguir a estrutura indicada a continuación e conter unha relación literal de cada un dos apartados ou epígrafes e a páxina na que se atopa. Será penalizado cun 20% da puntuación total do apartado calquera proxecto que non respecte esta estrutura:

### 1. Servizo de Axuda no Fogar

#### 1.1 Proposta de posta en marcha do servizo de axuda no fogar

#### 1.2 Organización funcional

#### 1.3 Plan de coordinación do servizo

#### 1.4 Plan de continxencias

#### 1.5 Plan de calidade do servizo

### 2 Organización dos recursos humanos

#### 2.1 Organización do traballo en fins de semana e festivos

#### 2.2 Organización de cuadrantes de traballo do persoal de atención directa

#### 2.3 Plan de formación

### 3 Plan social

Deste proxecto avaliarase a calidade técnica da proposta, baseada na súa coherencia, concreción e viabilidade, ademais de polas propostas de mellora respecto ao establecido nos pregos.

En todo caso, o informe de valoración analizará detalladamente cada un dos elementos e valorará asignando de forma motivada algunha das seguinte cualificacións:

- **MOI BEN-EXCELENTE ("MBE"):** cando realice unha proposta completa e detallada do aspecto en cuestión e propoña medidas e/ou actuación

axeitadas, precisas, axustadas á realidade, viables, coherentes, xustificadas, ben definidas e no seu caso innovadoras.

- BEN-ACEPTABLE ("BA"): cando a proposta sobre o elemento a valorar sexa adecuada, pero non propoña medidas de actuacións precisas e/ou innovadoras.
- REGULAR-SUFICIENTE ("RS"): cando sexa unha proposta pouco detallada ou superficial da prestación, teórica e non achegada á realidade, ou no se fagan achegas de actuacións concretas.
- INSUFICIENTE ("I"): cando a proposta sexa incompleta ou non teña información ou documentación suficiente relacionada co elemento a valorar, ou conteña datos contraditorios, ou non se adapte ás necesidades do servizo, ou os medios a empregar non se axusten ás características exixidas, presenten pouca coherencia ou non permitan coñecer claramente a mellora ou medida que se propón ou, incluso, sexa inexistente.

Así, en función da valoración e cualificación, a puntuación para cada apartado definirase acorde ao seguinte:

- MOI BEN-EXCELENTE (MBE): entre 76-100% da puntuación
- BEN-ACEPTABLE (BA): entre o 51-75% da puntuación
- REGULAR-SUFICIENTE (RS): entre o 26-50% da puntuación
- INSUFICIENTE (I): entre o 0-25% da puntuación

**LIMIAR MÍNIMO DE PUNTUACIÓN** En aplicación do disposto no artigo 146.3 da LCSP establécese un limiar mínimo de puntuación do 50% dos puntos nesta primeira fase de valoración. As ofertas cunha puntuación inferior a 22 puntos consideraranse como de calidade técnica inadecuada e serán excluídas da licitación.

#### **A) Servizo de Axuda no Fogar (Ata 22 puntos)**

A.1) Proposta de posta en marcha do servizo de Axuda no Fogar: Valorarase a descrición do procedemento para a posta en marcha do servizo tras a formalización do contrato, con especificación da duración do período considerado, as diferentes accións a realizar, a temporalización das mesmas, o sistema de coordinación proposto coa entidade cesante (de ser o caso) e as persoas responsables.	Ata 4 puntos
A.2) Organización funcional: Valorarase a estrutura organizativa, a distribución de responsabilidades, funcións e tarefas, o procedemento de selección de persoal, o cociente de profesionais, a organización de vacacións e outros aspectos que redunden nunha mellora organizativa. Neste apartado considerárase indispensable a presentación do protocolo de acollida de novos profesionais de atención directa.	Ata 4 puntos
A.3) Plan de coordinación do servizo: Valorarase a proposta de coordinación e comunicación a diferentes niveis entre os profesionais do licitador, os profesionais	Ata 4 puntos



do concello e as persoas usuarias e/ou os seus familiares. Neste apartado considérase indispensable a presentación do protocolo de organización e temporalización dos informes e comunicacións recollidas no PPT.	
A.4) Plan de continxencias: Valorarase a operativa proposta ante diferentes situacións que requiran dunha rápida intervención que evite menoscabar a marcha do servizo e/ou a atención da persoa usuaria. Considéranse indispensable a presentación dos seguintes protocolos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Protocolo de xestión de incidencias coas persoas usuarias</li> <li>- Protocolo de detección de necesidades ou situacións de risco das persoas usuarias</li> <li>- Protocolo de valoración e implantación de servizos complementarios</li> <li>- Protocolo de xestión de incidencias coas auxiliares</li> <li>- Protocolo de substitución de auxiliares</li> </ul>	Ata 5 puntos
A.5) Plan de calidade do servizo: Valorarase a proposta de mantemento e mellora da calidade durante a duración do contrato, as metodoloxías de xestión e control de calidade, os profesionais implicados, os tipos e periodicidade das avaliacións, os indicadores utilizados, e a especificidade dos informes. Neste apartado considérase indispensable a prestación dos seguintes protocolos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Protocolo de calidade na atención individualizada</li> <li>- Protocolo de prevención de riscos laborais</li> </ul>	Ata 5 puntos

## B) Organización dos recursos humanos (Ata 17 puntos)

B.1) Organización do traballo en fins de semana e festivos: Valorarase a proposta que ofrezca as mellores garantías, de calidade e atención ás persoas usuarias en fins de semana, festivos e horario fora de apertura da oficina.	Ata 6 puntos
B.2) Organización de cuadrantes de traballo do persoal de atención directa: Valorarase a proposta que ofrezca a organización máis eficiente e garantista en relación ás condicións da prestación do servizo descritas no PPT.	Ata 6 puntos
B.3) Plan de formación: Valorarase a proposta de formación anual para os profesionais do servizo: contidos, obxectivos, metodoloxías, modalidade, duración, avaliación... así como a viabilidade do plan proposto dentro da operativa do servizo. Neste apartado considérase indispensable a presentación do	Ata 5 puntos

protocolo de formación do persoal de coordinación.	
--	--

### C) Plan social (Ata 5 puntos)

Valoraranse as diferentes medidas de índole social que o licitador propoña implementar para mellorar a calidade de vida das persoas usuarias e as súas familias, e das persoas traballadoras do servizo, relacionadas co contido no PPT.

## 10.2 CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE OU MEDIANTE FÓRMULAS (ATA 56 PUNTOS)

### A) Proposición económica (Ata 45 puntos)

Puntuación máxima das ofertas económicas: POE<sub>max</sub>= 45 puntos.

Valoraranse unicamente as ofertas económicas definitivamente admitidas pola mesa de contratación e non se terán en conta as ofertas económicas dos licitadores que sexan excluídos, incluso aqueles cuxas ofertas económicas foron definitivamente cualificadas como anormalmente baixas e, consecuentemente, foron desestimadas previamente.

Definicións:

POE<sub>max</sub>: puntuación máxima das ofertas económicas prevista para a licitación. POE<sub>i</sub>: puntuación da oferta económica do licitador i.

OE<sub>i</sub>: oferta económica do licitador i. OBL: Orzamento base de licitación.

OE<sub>min</sub>: oferta económica mais baixa das admitidas definitivamente.

OE<sub>med</sub>: oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente. n: número de ofertas económicas admitidas definitivamente.


LT: valor do limiar para a consideración dunha oferta como anormalmente baixa calculado segundo o previsto neste presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

A oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$OE_{med} = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} OE_i}{n}$$

$$POE_i = \begin{cases} \frac{OBL - OE_i}{OBL - OE_{med}} \cdot 0,75 \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{med} \leq OE_i \leq OBL \\ \left( \frac{OE_{med} - OE_i}{OE_{med} - LT} \cdot 0,20 + 0,75 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } LT \leq OE_i < OE_{med} \\ \left( \frac{LT - OE_i}{LT - OE_{min}} \cdot 0,05 + 0,95 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{min} \leq OE_i < LT \quad \text{e} \quad OE_{min} < LT \end{cases}$$

A puntuación das ofertas económicas de cada licitador definitivamente admitidas calcularase segundo a seguinte fórmula:



*Xustificación da fórmula: O uso desta fórmula permite atribuír unha maior puntuación á oferta máis económica e a menor puntuación á menos económica, gardando proporción na atribución de puntos as ofertas intermedias.*

### Ofertas anormalmente baixas

Consideraranse presuntamente anormais ou desproporcionadas as ofertas cuxa baixa supere á baixa media máis cinco (5).

Se  $BO_i > BM + 5 \rightarrow OE_i$  é anormal ou desproporcionada

Sendo:

*BM = baixa media.*

*BO\_i = baixa da oferta.*

*OE\_i = oferta económica.*

A baixa da oferta ( $BO_i$ ) calcularase coa seguinte fórmula:

$$BO_i = \left( 1 - \frac{OE_i}{PL} \right) \cdot 100$$

Sendo:

$BO_i$  = baixa da oferta.

$OE_i$  = oferta económica.

$PL$  = orzamento base de licitación.

A baixa media (BM) calcularase coa seguinte fórmula:

$$BM = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} BO_i}{n}$$

Sendo:

$BM$  = baixa media.

$BO_i$  = baixa da oferta.

$n$  = número de licitadores non excluídos despois da apertura das ofertas económicas.

NOTA: No cálculo para a identificación das ofertas desproporcionadas engadiranse, de ser o caso, as melloras ofertadas con valoración económica.

## **B) Criterios sociais de organización do servizo (6 puntos)**

Co obxecto de mellorar a calidade de atención das persoas usuarias, buscando a continuidade e experiencia do persoal de atención directa, valorarase o compromiso de elevar, cada ano, as xornadas de atención directa do persoal nun 5% sobre as xornadas parciais existentes neste momento.

Polo compromiso da entidade licitadora de implementar esta medida desde o inicio da execución do contrato outorgarase 6 puntos.

## **C) Melloras tecnolóxicas (5 puntos)**

Co obxecto de dar resposta á demanda dos familiares das persoas usuarias, en canto á información sobre o servizo e os cambios que se produzan nel froito de situacións sobrevidas durante a súa prestación, valorarase o compromiso de posta a disposición e activación dunha app de comunicación aos familiares dos/as usuarios/as. A dita aplicación ten que ser compatible e estar integrada co sistema informático municipal.

Polo compromiso de implementar esta medida outorgarase 5 puntos.

## **10.3 CRITERIOS DE DESEMPATE**

Os criterios que se empregarán cando, tras a aplicación dos criterios de adxudicación, se produza un empate entre dúas ou máis ofertas serán os seguintes:

- 1- Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión.
- 2- Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada unha das empresas.
- 3- Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal de cada unha das empresas.
- 4- A oferta económica máis baixa.
- 5- Sorteio en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

A documentación acreditativa destes criterios será presentada polos licitadores no momento no que se produza o empate e non antes. Os datos virán referidos ao momento de remate do prazo de presentación de ofertas.

## 11. GARANTÍAS

### 11.1 Provisional

Non se esixe.

### 11.2 Definitiva

A empresa licitadora que presente a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145 LCSP, deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva, que responderá dos conceptos aos que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de devanditos conceptos inclúese o incumprimento por parte do contratista da obriga de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP

A súa contía será igual ao 5% do importe do orzamento base de licitación, excluído o IVE, debendo formalizarse nun prazo de dez días hábiles que se contarán dende o seguinte a aquel en que se reciba a notificación correspondente.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP, axustándose, de acordo coa forma escollida, ao modelo que se establecen no Anexo VIII do presente prego.

Non se admitirá a constitución mediante retención no prezo.

## 12. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

**12.1.** A documentación e proposicións que realicen as empresas licitadoras, deberán presentarse única e exclusivamente, con carácter obrigatorio, de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do Sector Público, na dirección <https://contrataciondelestado.es/>, de acordo cos requisitos técnicos establecidos na

citada plataforma, que permite a posibilidade de presentación durante as 24 horas do día.

Facilítase o enlace para descargar a Guía de Servizos de Licitación Electrónica: Preparación y Presentación de ofertas:

[https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38/GuiaLicitacion\\_v6+3+UOE+empresas.pdf?MOD=AJPERES&CACHEID=c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38](https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38/GuiaLicitacion_v6+3+UOE+empresas.pdf?MOD=AJPERES&CACHEID=c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38)

As proposicións para poder tomar parte na licitación, presentaranse en forma de arquivos ou sobres electrónicos, que conterán a documentación e requisitos esixidos na cláusula 13 deste prego, asinados electronicamente pola empresa licitadora ou persoa que a represente.

Este contrato está suxeito a regulación harmonizada por razón da súa contía, polo que os licitadores disporán dun prazo de **35 días naturais** para presentar as súas propostas, que se contarán dende o envío do anuncio ao DOUE.

O prazo, lugar e horario para presentación das proposicións sinalarase no anuncio de licitación publicado no perfil do contratante [http://santiagodecompostela.gal/e\\_santiago/contratacions.php?lg=gal](http://santiagodecompostela.gal/e_santiago/contratacions.php?lg=gal) integrado na Plataforma de contratación do Sector Público. O último día do prazo, a presentación das ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. As ofertas recibidas despois de dito prazo e horario serán excluídas.

**12.2.** As persoas interesadas poderán examinar o prego e a documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e na Plataforma de contratación do Sector Público <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma> dende a data de publicación do anuncio. Todas as consultas sobre o contido dos pregos e demais información relativa á contratación deberán ser formuladas a través da Plataforma de contratación do Sector Público, cando menos oito días naturais antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións. As respostas ás consultas formuladas que resulten de interese para todos os licitadores faranse públicas e ofreceranse a través do propio perfil de contratante integrado na Plataforma de contratación do Sector Público catro días antes de que finalice o prazo fixado para presentar as ofertas.

**12.3.** A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional por parte da empresa da totalidade do contido deste prego, sen excepción ningunha, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultaren os datos recollidos no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Sector Público.

**12.4.** As proposicións serán secretas e cada empresa licitadora só poderá presentar unha única. Nesta licitación non se admiten variantes. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en UTE se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha UTE. A infracción destas normas implicará que non se admitan todas as propostas subscritas pola mesma empresa licitadora.

### 13. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

#### 13.1. Arquivo electrónico número 1: Documentación xeral administrativa.

Contido:

. **DEUC:** Declaración responsable, os licitadores deberán achegar o DEUC (documento europeo único de contratación). O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento de presentaren as ofertas, que substitúe as certificacións expedidas polas autoridades públicas ou por terceiras persoas, e pola que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- a. Que non se encontra en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións para contratar).
- b. Que cumpre os criterios de selección pertinentes

Pode accederse a el en formato electrónico en <https://visor.registrodelicitadores.gob.es/esp-d-web/filter?lang=es>, onde se pode cubrir e imprimir para enviar ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

O anexo III contén instrucións para facilitar a formalización desta declaración DEUC.

. **Anexo IV:** Tamén deberá presentarse unha declaración complementaria ao DEUC que se axuste ao modelo incluído no anexo IV deste prego, asinada e coa correspondente identificación e designación dun enderezo de correo electrónico no que efectuar notificacións, que deberá ser habilitado nos termos da disposición adicional décimo quinta da LCSP.

Nesta declaración as empresas que se encontren nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorreren individualmente á adxudicación deberán facer constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio a respecto dos socios que as integran.

. **Anexo II** Deberán presentar este anexo en caso de que concorran agrupados en unións temporais de empresas.

. **Anexo V**, de ser o caso.

#### 13.2. Arquivo electrónico número 2: Proposición relativa aos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor.

Contido:

A memoria técnica axustarase á estrutura de apartados e subapartados definida na cláusula 10.1 deste prego de criterios avaliábeis mediante xuízo de valor co fin de facilitar o seu estudo e análise por parte da mesa de contratación.



A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliábles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas non debe incluírse nos arquivos electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor. A infracción deste mandato dará lugar á exclusión do licitador sempre que iso implique o coñecemento da oferta.

A inclusión de documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliábles mediante un xuízo de valor nos arquivos electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliábles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas dará lugar á non valoración da dita documentación.

**13.3. Arquivo electrónico número 3:** Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmulas.

Contido:

. Oferta económica presentada segundo o modelo do anexo I a este prego. A proposición económica, na que deberá indicarse como partida independente o IVE, non deberá superar o prezo unitario máximo de referencia.

Non se aceptarán aquelas proposicións que:

- a) Teñan contradicións, omisións ou erros que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.
- b) Carezan de concordancia coa documentación examinada e admitida.
- c) Excedan do prezo unitario máximo ou comporten erro manifesto no importe da proposición.
- d) Varien substancialmente o modelo de proposición establecido que figura como anexo I a este prego.
- e) Impliquen recoñecemento por parte do licitador de erros o inconsistencias que as fagan inviables.

En caso de discrepancia entre a oferta expresada en letras e a expresada en números, prevalecerá, a cantidade que se consigne en letras, salvo que, utilizando criterios racionais derivados do exame da documentación, a mesa de contratación adopte outra postura.

**13.4.** A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a veracidade da documentación presentada, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, e poderá realizar tal comprobación por si mesma ou mediante petición á empresa licitadora ou adxudicataria de documentos ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará o rexeitamento da oferta ou, se é o caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

**13.5. Notificacións e comunicacións.**

A tramitación do procedemento de adxudicación deste contrato suporá a práctica das notificacións e comunicacións derivadas por medios exclusivamente electrónicos.

As notificacións realizaranse mediante o sistema de comparecencia electrónica. Polo tanto, para todas as empresas licitadoras é requisito inescusable ser un usuario rexistrado da Plataforma de Contratación de Sector Público.

A notificación electrónica realizada entenderase practicada para todos os efectos legais no momento en que a persoa interesada ou o seu representante accedan ao seu contido.

Cando, tendo constancia de que se puxo ao dispor dos licitadores a notificación, transcorran 10 días naturais sen que a persoa destinataria acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, terase por efectuado o trámite e seguirase co procedemento, salvo que algunha lei estableza un prazo distinto.

Os prazos a partir computaranse desde o aviso de notificación sempre que o acto obxecto de notificación se publicara no perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

Malia o anterior, o requisito de publicidade no perfil de contratante non resultará aplicable ás notificacións practicadas con motivo do procedemento de recurso especial nas que se computará o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 50 da Lei de contratos do sector público desde a data do aviso de notificación.

#### **14. MESA DE CONTRATACIÓN**

A mesa de contratación estará integrada por:

*Presidente:*

*A Concelleira delegada de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude*

*Vogais:*

*O director da Asesoría Xurídica Municipal, ou o/a letrado/a da asesoría que o substitúa.*

*O interventor xeral municipal, ou persoa que o substitúa*

*A xefa do Servizo de Acción Social*

Actuará como secretaria a xefa do Servizo de Contratación ou na súa ausencia un funcionario do Servizo de Contratación.

Esta mesa quedará validamente constituída coa asistencia da presidencia, da secretaria, dunha persoa funcionaria de entre as que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e doutra que teña atribuídas funcións relativas ao control económico orzamentario.

#### **15. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación

constituírase para o exame e cualificación da documentación administrativa.

### **15.1. Arquivo electrónico número 1: Documentación xeral administrativa.**

A mesa abrirá o “Arquivo electrónico número 1” de cada unha das ofertas presentadas. Levaranse a cabo as seguintes accións:

- Visualización dos datos do licitador.
- Verificación da sinatura electrónica da documentación presentada.
- Cualificación da mesma pola Mesa (admisión, emenda ou exclusión).

De conformidade co artigo 141.2 LCSP, se a mesa observa defectos emendables outorgaráselle á empresa un prazo de 3 días para que os emende e, se é o caso, un prazo de 5 días para que presente aclaracións ou documentos complementarios.

A comunicación aos interesados efectuarase por medios electrónicos.

Unha vez cualificada a documentación e realizadas, de ser o caso, as actuacións indicadas na cláusula precedente, a mesa de contratación procederá nun acto público a facer un pronunciamento expreso sobre as empresas admitidas á licitación, as rexeitadas e as causas do seu rexeitamento.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas nalgún momento do proceso quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os arquivos electrónicos das seguintes fases non poderán ser abertos.

### **15.2. Arquivo electrónico 2: Documentación relativa a criterios avaliábles mediante xuízo de valor.**

A mesa de contratación levará a cabo nesta sesión, de ser o caso, as seguintes actuacións:

- Revisión da documentación, de ser o caso, relativa a emenda de defectos ou omisións da documentación administrativa.
- Adopción, de ser o caso, dos oportunos acordos sobre admisión ou exclusión dos licitadores.
- Lectura do resultado da cualificación da documentación administrativa, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e da causa ou causas da non admisión destas últimas.
- Apertura das ofertas presentadas.
- Visualización e comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos.

Unha vez rematado o proceso sinalado, levantarase a correspondente acta da reunión.

A mesa de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes para a realización da avaliación da documentación presentada polos licitadores.

### **15.3. Arquivo electrónico 3: Documentación relativa a criterios avaliábles mediante fórmulas.**

Na data indicada, no lugar e na hora sinalados no perfil do contratante, a mesa de contratación reunirse para abrir a documentación que contén os criterios avaliábles mediante fórmulas.

No proceso de apertura e despois de informar das puntuacións acadadas polas ofertas admitidas nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Apertura das ofertas.
- Verificación da correcta sinatura electrónica dos documentos.
- Visualización e comprobación da documentación.

Unha vez rematado o proceso sinalado, levantarase a correspondente acta da reunión.

Para a realización da avaliación da documentación presentada polos licitadores a mesa de contratación, tras solicitar, se é o caso, os informes técnicos que considere oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que incluírá en todo caso a puntuación dos criterios indicados neste prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións así como dos informes emitidos, se fose o caso. Esta proposta non crea dereito ningún a favor do licitador proposto fronte ao Concello (art. 157 da LCSP).

Se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación tivese indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo de defensa da competencia, deberá trasladalos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia antes da adxudicación do contrato para que, a través dun procedemento sumarísimo, se manifeste sobre eles. A mesa de contratación dará conta ao órgano de contratación desta comunicación.

## 16. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

Unha vez que o órgano de contratación acepte a proposta da mesa, requirirase á empresa licitadora que presentou a mellor oferta, consonte o disposto no artigo 150 da LCSP, para que, dentro do prazo de **10 días hábiles** que se contarán dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente:

a) Documento de identidade, cando se trate de persoas físicas. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar a escritura de constitución, e de modificación se é o caso, inscritas no rexistro mercantil, cando este requisito sexa esixible consonte a lexislación aplicable. Se non o é, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no rexistro oficial que sexa preceptivo.

As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea, ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberán acreditar a súa capacidade de obrar presentando unha certificación de que están inscritas no rexistro que corresponda de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidos ou unha declaración xurada ou certificado nos termos determinados regulamentariamente.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante un informe expedido pola representación diplomática española no estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro

local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

b) Cando a empresa licitadora actúe mediante representante, e a dita representación non se deduza da escritura de constitución e/ou de modificación deberase presentar escritura de poder na que conste o ámbito das facultades para licitar.

Presentar a dilixencia da verificación do documento de apoderamento exime de presentar o propio documento.

c) A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase, se non consta no expediente, presentando a documentación que se indica a seguir, de acordo cos artigos 13,14 e 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas:

- Certificación de alta no censo de actividades económicas referida ao epígrafe que faculte para exercer as actividades que corresponden ao obxecto do contrato e ao seu ámbito territorial emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia.
- Certificado da Seguridade Social de que o licitador está ao día no cumprimento das súas obrigas.

O Concello comprobará de oficio que a empresa licitadora proposta como adxudicataria non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

As persoas estranxeiras, sexan físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por unha autoridade competente no país de procedencia que acredite que están ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, presentarán unha certificación, tamén expedida por unha autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado terá que referirse aos doce últimos meses e deberá ser orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas consonte a lexislación vixente na materia.

d) Para as empresas estranxeiras, declaración de que se someten á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponderlle.

e) Declaración responsable á que fai referencia a cláusula 33.b) do PCAP.

f) A garantía definitiva por valor do 5% do orzamento base de licitación sen IVE que poderá constituírse en efectivo, mediante aval, en valores públicos ou por

contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas na normativa de desenvolvemento da LCSP. O seu importe ou a documentación acreditativa correspondente depositarase na Tesourería Municipal.

g) Timbres por importe do 1% da garantía definitiva e taxas por formalización de contrato.

h) Certificado da entidade aseguradora acreditativo de que o adxudicatario conta cun seguro de responsabilidade civil nos termos indicados na cláusula 20.1 do PCAP.

#### Exención de documentación:

A inscrición do licitador no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no ROLECSP eximirá de presentar a documentación daqueles datos que consten nos certificados expedidos polos ditos rexistros. Non obstante, a mesa de contratación poderá requirir a achega da dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

O certificado do rexistro de contratistas ou do ROLECSP deberá ir acompañado en todo caso **dunha declaración responsable** na que a empresa licitadora manifieste que as circunstancias reflectidas nel non experimentaron variación.

Se o licitador non cumpre adecuadamente co requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta e procederase, neste caso, a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalización.

De concorrer este suposto, o órgano de contratación solicitará a mesma documentación á seguinte empresa licitadora, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

## 17. ADXUDICACIÓN

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible ao abeiro dos criterios que figuran nos pregos.

A adxudicación será motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de tres meses contados desde a apertura das proposicións. De non producirse a adxudicación neste prazo, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva a garantía provisional se foi formalizada.

Este prazo ampliarase en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o número 4 do artigo 149 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación a que se refire a cláusula, nos termos establecidos no artigo 150.3 da LCSP.



O órgano de contratación poderá adoptar a decisión de non adxudicar, non formalizar o contrato ou desistir do procedemento antes de que o contrato se formalice, consonte o disposto no artigo 152 da LCSP.

Só poderá adoptar a decisión de non adxudicar ou non formalizar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. A decisión de desistir do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non corrixible contra as normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, cuxa concorrencia deberá quedar xustificada no expediente.

## CAPÍTULO III -FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### 18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

A formalización deste contrato que é susceptible de recurso especial en materia de contratación non poderá efectuarse ata que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

A empresa adxudicataria queda obrigada a subscribir o contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas, no prazo de cinco días a contar dende o seguinte á data en que se lle realice o requirimento.

Cando a adxudicataria sexa unha unión temporal de empresas, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá presentar escritura pública de constitución como tal.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo e constituirá un título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite a empresa contratista. Neste caso correrán pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen que se formalice previamente.

Cando, por causas imputables á empresa adxudicataria, non se formalice o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se está constituída e sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP relativo á concorrencia da prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización resulta imputable á Administración indemnizarase á empresa contratista polos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.



## CAPÍTULO IV -EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 19. RESPONSABLE SUPERVISOR DO OBXECTO DO CONTRATO E UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO DO CONTRATO

O órgano de contratación designará unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución comprobando que se axusta ao establecido no contrato e cursará á empresa contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

Ao responsable do contrato que designe o órgano de contratación correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 da LCSP, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Ademais, son funcións do responsable do contrato:

- a) Interpretar o prego de prescricións técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato ou en disposicións oficiais.
- b) Esixir a existencia dos medios e organización necesarios para a prestación dos servizos.
- c) Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.
- d) Propoñer as modificacións que conveña introducir, de ser o caso, para o bo desenvolvemento dos servizos.
- e) Expedir, se é o caso, os informes parciais correspondentes aos servizos realizados segundo os prazos de execución e aboamento que se acordasen.
- f) Tramitar cantas incidencias se produzan durante o desenvolvemento dos servizos.
- g) Convocar cantas reunións considere pertinentes para o bo desenvolvemento dos servizos e a súa supervisión, ás que estará obrigada a acudir a representación da empresa adxudicataria, asistida daqueles facultativos, técnicos, letrados ou especialistas que teñan algunha intervención na execución do servizo.

*A unidade encargada do seguimento e control ordinario do contrato será o Servizo de Acción Social, que adscribe a este cometido a xefa do dito servizo.*

### 20. EXECUCIÓN, RESPONSABILIDADE DA EMPRESA CONTRATISTA

#### 20.1. Execución do contrato.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego de cláusulas administrativas particulares e observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas así como as instrucións que, se é o caso, dea a persoa responsable do contrato designada polo órgano de contratación ou a unidade encargada do seguimento do contrato.

O Concello determinará se a prestación realizada pola empresa contratista se axusta ás prescricións establecidas e requiriráa, se non é así, para que as realice ou corrixa os defectos observados.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura da empresa contratista.

Será obriga da empresa contratista indemnizar por todos os danos e perdas que cause a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, tanto os causados directamente como aqueles producidos polo persoal ou medios que del dependan. Cando tales danos ou perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, esta será a responsable dentro dos límites sinalados nas leis (artigo 196 da LCSP).

A empresa contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que este incorra. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

Se os traballos non se axustan á prestación contratada como consecuencia de vicios ou defectos imputables á empresa contratista serán rexeitados e a Administración quedará exenta da obriga do pagamento ou terá dereito a recuperar o prezo satisfeito.

En todo caso, a empresa contratista terá dereito a coñecer e a ser oída a respecto das observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada (artigo 311 da LCSP).

### Seguros

A empresa contratista contará durante toda a vixencia do contrato cun seguro de responsabilidade civil no que a contía mínima indemnizatoria sexa de 1.200.000 € por sinistro e ano.

## **20.2. Regras especiais respecto ao persoal laboral da empresa contratista**

20.2.1. A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, cumprirá as condicións salariais dos traballadores consonte o convenio colectivo sectorial de aplicación, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigas legais en materia de seguridade social, incluído o aboamento de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

A empresa contratista velará especialmente por que os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas a respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.

A empresa contratista deberá designar un responsable, integrado no seu propio persoal do contrato, que terá entre as súas obrigas as seguintes:

- a) Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte ao Concello, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, dun lado, e o Concello, doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.
- b) Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- c) Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que ten encomendadas, así como controlar a asistencia de devandito persoal ao posto de traballo.
- d) Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato. Para isto, a empresa contratista deberá coordinarse adecuadamente co Concello co fin de non alterar o bo funcionamento do servizo.
- e) Informar ao Concello das variacións, ocasionais ou permanentes, das persoas que fagan os traballos operativos de campo.

#### 20.2.2. Subrogación do persoal (artigo 130 da LCSP)

A subrogación do persoal realizarase nos termos previstos na normativa laboral de aplicación, no artigo 130 da LCSP e no II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio de Galicia (Código de convenio: 8200675), publicado no DOG o día 16/02/2010.

A subrogación do persoal configúrase como condición de execución do contrato e como obriga esencial de conformidade co previsto no artigo 122.3 da LCSP. Achégase a listaxe do persoal a subrogar no anexo X deste prego.

Sen prexuízo da aplicación, se é o caso, do establecido no artigo 44 do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, a empresa contratista está obrigada a responder dos salarios impagados aos traballadores afectados por subrogación, así como das cotizacións á Seguridade Social devindicadas, aínda no suposto de que se resolva o contrato e o persoal sexa subrogado por un novo contratista, sen que en ningún caso esta obriga corresponda a este último. De producirse esta circunstancia, a Administración, acreditada a falta de pago dos citados salarios, procederá de acordo co previsto no artigo 130.6 da LCSP.

A empresa que resulte adxudicataria deste contrato e que teña a condición de empregadora do persoal afectado, estará obrigada a proporcionar a información

anteriormente referida cando llo requira a persoa responsable do contrato. Como parte da información, en todo caso, deberá achegar as listaxes do persoal obxecto de subrogación, nas que indicará o convenio colectivo de aplicación e os detalles de categoría, sexo, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor que lle sexan aplicables.

En todo caso, se no momento de extinguirse o contrato por calquera motivo, os custos de persoal que estea soportando a empresa contratista son superiores aos que deriven dos que procedería de aplicar estritamente o sistema de revisión de prezos establecido na Lei, se fose o caso, ou superiores aos que corresponderían á categoría profesional dos traballadores adscritos ao contrato, esta empresa contratista deberá compensar ao Concello de Santiago cunha indemnización equivalente á diferenza entre os custos de persoal que, no seu caso, deba o Concello trasladar ao novo contratista por causa da subrogación empresarial - a efectos do axuste salarial que proceda conforme ás necesidades do novo contrato- e a cantidade que correspondería aos custos de persoal previstos na contratación inicial coas súas correspondentes revisións de prezos e as ampliacións de persoal derivadas de modificacións contractuais acordadas polo órgano de contratación, exceptuando os casos en que este incremento se orixinara nunha modificación do convenio colectivo estatal ou doutro ámbito.

O mesmo acontecerá para o caso de contratar persoal a maiores do mínimo e/ou necesario sen autorización expresa e que supoña que, de ser o caso, este se subroga no novo contrato a maiores do persoal necesario para a prestación do servizo. Este custo a maiores tamén será indemnizable a efectos do axuste salarial e laboral que proceda consonte ás necesidades do novo contrato.

20.2.3. Cando se extingan os contratos de servizos, **en ningún caso se poderá producir a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Santiago**. Para tal fin, os empregados ou responsables da Administración deben absterse de realizar actos que impliquen o exercicio de facultades que, como parte da relación xurídico laboral, lle corresponden á empresa contratista.

### **20.3. Prevención de riscos laborais**

A empresa que resulte adxudicataria deberá estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, e dotará ao seu persoal de todos os elementos de protección necesarios conforme ao establecido na normativa de prevención de riscos laborais. De igual xeito, e para cumprir coa obriga do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá cooperar e coordinarse co Concello para a aplicación do mesmo, respectar as instrucións e noras internas de seguridade e saúde laboral do Concello e cumprir co procedemento municipal de coordinación e control de actividade e contratacións.

A empresa adxudicataria colaborará cos servizos do Concello de Santiago de Compostela aportando toda a documentación que sexa requirida en materia de prevención de riscos laborais.

## 20.4. Condicións especiais de execución do contrato. Obrigas esenciais do contrato.

### 20.4.1 Condicións especiais de execución do contrato

#### a) Condicións de tipo ambiental:

A empresa adxudataria deberá promover medidas que favorezan a minimización do impacto ambiental nas actividades desenvolvidas para a execución deste contrato de aí que todas as comunicacións escritas, entre o contratista e a Administración, producidas no marco de execución do contrato realizaranse preferentemente por correo electrónico ou calquera outro medio electrónico, evitando na medida do posible a utilización de papel.

#### b) Condicións de tipo social e laboral

1.- O contratista garantirá condicións para a igualdade da muller e do home na execución do contrato, realizará un uso non sexista da linguaxe na documentación, publicidade, imaxe ou materiais, evitará calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentará unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

Así mesmo, garantirá a igualdade entre mulleres e homes no trato, acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral.

Se para a execución do contrato fora necesaria unha contratación nova de persoal e a empresa contratista ou subcontratista conta cunha representación desequilibrada de mulleres no seu cadro de persoal, deberá dar preferencia á contratación de mulleres durante toda a súa vixencia. Entenderase por cadro de persoal desequilibrado aquel que conte cunha representación ou presenza de mulleres inferior ao 50% do total.

2. No caso de novas incorporacións, xa sexa por substitucións de persoas traballadoras ou porque sexa preciso incorporar para o axeitado desenvolvemento do contrato, a empresa adxudataria deberá contratar preferentemente a persoas en situación de desemprego, persoas maiores de 45 anos, persoas mozas en busca do primeiro emprego e/ou persoas con dificultades para a inserción sociolaboral.

As empresas acreditarán o cumprimento destas exixencias achegando a documentación necesaria unha vez formalizado o contrato e antes do inicio efectivo da súa execución para o que deberán presentar documentación acreditativa expedida pola Axencia local de Colocación do Concello e, no caso de que non haber demandantes na Axencia, do Servizo Pública de Emprego

3.- O contratista deberá implementar, durante o período de prestación do servizo, medidas de conciliación da vida laboral e familiar. Obrigatoriamente deberá incluír melloras sobre a redución das xornadas, excedencias, licenzas ou permisos de maternidade/paternidade, así como a flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios en función das necesidades de conciliación, sempre que sexan compatibles coas necesidades de desenvolvemento do programa, dentro dun servizo que ten como modelo centralizador *as necesidades da persoa beneficiaria* (persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar en situación de vulnerabilidade social). A súa

planificación deberá ser comunicada ao concello no prazo máximo de 1 mes desde a formalización do contrato.

4.- Impartir formación inicial e continua ao persoal adscrito ao contrato consonte o establecido na cláusula 6.1 do PPT

c) Protección de datos

O cumprimento da normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos consonte o artigo 202.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro.

20.4.2. Establécense as seguintes **obrigas esenciais**:

- Cumprimento do pago dos salarios do persoal adscrito ao contrato A empresa adjudicataria deberá estar ao corrente de pago das nóminas do persoal que participe na execución do contrato. Considerarase que se incumpre a citada condición cando se produza un atraso ou impago no abono das nóminas en máis de dous meses.

Para eses efectos, a Administración poderá esixir, xunto á factura, o envío de documentación acreditativa de que o contratista se atopa ao corrente no pago das nóminas dos traballadores que executen o contrato. En calquera caso, cada tres meses deberán enviar coa factura documentación acreditativa das transferencias bancarias realizadas do pago de salarios e do pago das cotizacións á Seguridade Social dos traballadores adscritos ao contrato.

- O respecto do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro).

Establécese ademais, como obriga esencial, o cumprimento do establecido no artigo 122.2 a), b), c), d) e e) da LCSP, respecto da normativa de protección de datos.

Todas as condicións especiais de execución e obrigas esenciais que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución.

Cando se extingan os contratos de servizos, **en ningún caso se poderá producir a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Santiago de Compostela**. Para tal fin, os empregados ou responsables da Administración deben absterse de realizar actos que impliquen o exercicio de facultades que, como parte da relación xurídico laboral, lle corresponden á empresa contratista.

## 21. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DA EMPRESA CONTRATISTA

Corren por conta da empresa contratista todos os gastos derivados da execución do contrato así coma as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.



Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta da empresa contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente, de ser o caso.

Considéranse tamén incluídos na proposición da empresa adxudicataria e no prezo do contrato todos os gastos que resultaran necesarios para a súa execución, incluídos os posibles desprazamentos.

## **22. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA**

De acordo co establecido na cláusula 11 do PPT, o pagamento realizarase mensualmente baseándose na información recollida na aplicación informática municipal do SAF, a través da cal se realizará o seguimento económico e da prestación do servizo.

Coa factura e dentro dos 6 primeiros días naturais de cada mes, o contratista do servizo deberá achegar ao departamento de Servizos Sociais a seguinte documentación:

- Informe-rexistro das visitas domiciliarias realizadas, tanto de valoración inicial como de seguimento (ordinario ou cada 2 meses), seguindo as indicacións que se faciliten ao respecto desde o concello.
- Informe de xestión do servizo de axuda no fogar, seguindo as indicacións que se faciliten ao respecto desde o concello. En particular, sobre o cumprimento das obrigas técnicas recollidas no contrato, no PPT e neste PCAP.
- Informe de rotación do persoal auxiliar onde se relacione o número de persoal auxiliar asignado a cada caso, co número real de profesionais que realizaron a prestación efectiva dese servizo en cada mes. As variacións deber ser aclaradas no dito documento técnico.
- Listado actualizado do persoal que presta o servizo de axuda no fogar especificando a porcentaxe da xornada contratada, así como o documento acreditativo de estar ao corrente das cotas da Seguridade Social.
- Trimestralmente acreditación dos pagos das nóminas e das cotizacións da Seguridade Social.

Co obxectivo de que a revisión da facturación se realice de forma axeitada, todas as incidencias relativas ás suspensións do servizo por petición das persoas usuarias deben realizarse ao Concello no momento en que se produzan, de forma telemática e en tempo real e, en todo caso, antes de que se peche o mes en curso. O protocolo a observar nestes casos será, ademais de comunicalo telematicamente, as ditas comunicacións deberán ir acompañadas do correspondente xustificante asinado pola persoa usuaria.

As suspensións do servizo que se realicen pola persoa usuaria cun prazo de 5 días hábiles de antelación (de luns a venres) ao contratista, non serán facturadas nin á persoa usuaria nin ao concello.



A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados e, se se demorase, deberá aboar á empresa contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de trinta días, os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que haxa lugar ao inicio do cómputo do prazo para a devindicación de xuros, a empresa contratista deberá ter cumprida a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica e no prazo de trinta días desde a data da prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, a Administración deberá aprobar os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á súa prestación.

A empresa contratista poderá ceder a unha terceira, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que esta cesión produza efectos e a Administración expida o mandamento de pago a favor da cesionaria é preciso que se lle notifique de xeito fidedigno o acordo de cesión (artigo 200 da LCSP).

### **Facturas**

Coa periodicidade e forma establecida no anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento CEE nº 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas preferentemente en formato electrónico.

O acceso ao sistema electrónico de facturación do Concello de Santiago e á información sobre el será través do seguinte enderezo:  
<http://santiagodecompostela.gal>

Os datos necesarios para poder completar o proceso de rexistro das facturas electrónicas son os que seguen:

<b>OFICINA CONTABLE</b>	<b>ÓRGANO XESTOR</b>	<b>UNIDADE TRAMITADORA</b>
GE0001959 INTERVENCIÓN MUNICIPAL	L01150780 CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	CX 20. Servizos Sociais e Asistencia a Persoas Dependentes – Código DIR: GE0016533

### 23. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

A empresa contratista queda obrigada a cumprir o prazo de execución do contrato nos termos previstos neste prego.

Se chegado o final do traballo, a empresa contratista incorrese en demora, por causa que se lle poida imputar, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para resolvelo ou para acordar a súa continuidade impoñendo novas penalidades.

A Administración terá esta mesma facultade a respecto do incumprimento por parte da empresa contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir co prazo total.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e perdas ocasionados polo atraso imputable á empresa contratista no caso de que as penalidades non cubran os danos ocasionados.

Para considerar que a empresa incorre en mora non será necesario que a Administración llo teña advertido previamente.

De producirse atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables á empresa contratista, a Administración poderá, por pedimento desta, conceder unha prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que a empresa contratista solicite outro menor.

Corresponde impoñer as penalidades ao órgano de contratación, segundo a proposta que formule a persoa responsable do contrato. O acordo será inmediatamente executivo e as penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse á empresa contratista ou sobre a garantía cando non poidan deducirse dos mencionados pagos.

### 24. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO DA EXECUCIÓN DO OBJECTO DO CONTRATO

Cando a empresa contratista, por causas imputables a ela, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

Os incumprimentos cualificaranse como leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ao menor ou maior prexuízo que con eles se cause ao funcionamento do servizo ou ao público en xeral.

**Considéranse incumprimentos moi graves as seguintes:**

- Incumprimento das obrigas esenciais do contrato establecidas neste prego, así como o incumprimento da oferta.
- Incumprimento das condicións do servizo ou realización de accións que poñan en risco a saúde ou a seguridade das persoas.
- O incumprimento reiterado das restantes condicións de execución do obxecto do contrato establecidas neste prego, na oferta da empresa adxudicataria, nas ordenanzas municipais ou na demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.
- As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego que cumpran os requisitos establecidos nel ou no prego técnico.
- Incumprimento da obriga de, ante unha ausencia non anunciada dunha persoa usuaria do domicilio, de realizar o seguimento ata aclarar que a mesma está en boas condicións de saúde ou sendo atendida.
- Incumprimento da separación dunha persoa traballadora de xeito inmediato do servizo cando se acredite que non se comporta coa dilixencia precisa na realización da súa labor, ou non proceda coa debida corrección no seu trato co resto de persoas involucradas no servizo, podéndose considerar a súa acción ou omisión como unha incidencia grave que supoña unha desprotección ou risco grave para a persoa usuaria ou para o persoal que presta o servizo, ou a conduta poida ser cualificada como delito ou falta, de acordo co Código Penal.
- O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, do prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.
- A negativa, entorpecemento, resistencia ou calquera tipo de falta en relación co exercicio das facultades de control, inspección, atribuídas ao concello na normativa aplicable, sexan comedias polo contratista e/ou polo persoal adscrito á prestación do servizo.
- Pola comisión de dous ou máis incumprimentos graves no período de seis meses.

**Consideraranse incumprimentos graves:**

- Incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta da empresa adxudicataria, nas ordenanzas municipais e na demais normativa aplicable, salvo teña carácter de moi grave segundo o previsto no apartado anterior.
- A obstrución por parte da empresa adxudicataria do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.
- Trato inadecuado por accións ou omisións do persoal de atención directa e de coordinación coas persoas usuarias do servizo.
- Chegar a acordos ou propicialos coas persoas usuarias sobre os termos pautados do servizo que contraveñan o recollido no plan de intervención individual.

- O non gardar o debido sigilo e confidencialidade respecto de información de persoas usuarias que se coñezan en razón do servizo prestado e que prexudique á persoa usuaria e/ou se utilice en proveito propio.
- Non ter a disposición as oficinas na área urbana do concello de Santiago de Compostela, co horario de apertura establecido no PPT.
- A demora na execución do servizo ou non prestación do servizo para cada unha das persoas usuarias, por causas imputables ao contratista.
- O incumprimento dos prazos de entrega da memoria anual de xestión do servizo e todo a documentación que a debe acompañar de acordo co PPT.
- Incumprimento das condicións ofertadas no proxecto técnico, plan de formación e plan social do servizo durante a execución do contrato cando non sexan consideradas moi graves.
- A reiteración de tres ou máis faltas leves no período de 6 meses.

**Considéranse incumprimentos leves:**

Todos os demais incumprimentos non cualificados como graves ou moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e na demais normativa aplicable. Entre outros:

- A non comunicación ao Concello de calquera incidencia que se produza no servizo das detalladas no PPT ou outras que sexan relevantes para o desenvolvemento do contrato (cada unha considérase un incumprimento).
- Atraso horario na prestación do servizo que non impida a súa prestación (cada unha considérase un incumprimento).
- Ante un cambio de horario ou auxiliar a non comunicación deste á persoa usuaria/familia (cada unha considérase un incumprimento).
- A non prestación, por parte do persoal de coordinación, dun novo profesional para unha persoa usuaria cando esta non o coñeza (cada unha considérase un incumprimento).
- Condicións ou hábitos hixiénicos inadecuados no persoal de atención a persoas usuarias (como uniformes en mal estado de hixiene ou integridade, mala praxes na hixiene...) (cada unha considérase un incumprimento).
- Faltas de respecto, falta de atención, negligencia na prestación do servizo (cada unha considérase un incumprimento).
- O inicio ou reinicio do servizo fóra do prazo establecido no PPT ou a non realización e/ou entrega á persoa usuaria do plan de atención no prazo establecido (cada unha considérase un incumprimento).
- O incumprimento do protocolo de alta de servizo. Falta de información ás persoas usuarias de cada un dos aspectos que comprende (cada unha considérase un incumprimento).
- O incumprimento do prazo na presentación dos informes de seguimento das persoas usuarias e da listaxe e rexistro da supervisión das profesionais de atención directa (cada unha considérase un incumprimento).
- O incumprimento do prazo de envío ao concello da documentación requirida pola contratación de novo persoal do servizo (cada unha considérase un incumprimento).

- O incumprimento da obriga de rexistrar na aplicación informática municipal todas as incidencias do servizo (cada unha considérase un incumprimento).
- O incumprimento dos protocolos e actuacións establecidas (cada unha considérase un incumprimento).
- Non respectar o procedemento definido no PPT sobre as queixas e suxestións que se presenten á empresa contratista (cada unha considérase un incumprimento).
- Utilización do teléfono móbil e/ou outros dispositivos electrónicos para fins particulares durante a prestación do servizo no domicilio da persoa usuaria (cada unha considérase un incumprimento).
- Utilización do teléfono móbil do persoal de atención directa para comunicarse coas persoas usuarias. A comunicación telefónica coas persoas usuarias debe ser realizada sempre desde a coordinación do servizo (cada unha considérase un incumprimento).
- A falta de atención do teléfono móbil e non resolución de incidencias dentro e fóra do horario de atención de oficina e en fins de semana (cada unha considérase un incumprimento).

Cando o incumprimento cometido transcenda o ilícito administrativo e revista carácter de delito ou falta, poranse os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

#### **Penalidades:**

Os incumprimentos cometidos pola empresa impoñeránselles penalidades de acordo co seguinte:

Os incumprimentos leves poderán ser penalizados mediante apercibimento escrito e/ou multa coercitiva de entre 100 e 500 € por incumprimento.

Os incumprimentos graves poderán ser penalizados mediante multa coercitiva de entre 501 e 1.000 € por incumprimento.

Os incumprimentos moi graves poderán ser penalizados mediante multa coercitiva de entre 1.001 e 5.000 €.

As penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e a contía de cada unha delas non poderá ser superior ao 10% do prezo do contrato, IVE excluído, nin o seu total exceder do 50% do prezo do contrato.

Así mesmo, os incumprimentos das normas respecto da subcontratación ou da falta de acreditación da aptitude do subcontratista implicará a imposición á empresa contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato.

A imposición de penalidades farase logo da tramitación do correspondente expediente no que se lle dará audiencia ao contratista.

Os incumprimentos prescribirán desde o momento de que se teña coñecemento da súa comisión:

- Os leves aos 12 meses
- Os graves aos 18 meses

- Os moi graves aos 24 meses

## CAPÍTULO V - CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

### 25. CESIÓN DO CONTRATO

Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

Para proceder á cesión do contrato deben cumprirse os requisitos sinalados no artigo 214.2 da LCSP.

### 26. SUBCONTRATACIÓN

Non se permite con carácter xeral a subcontratación da execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendido como tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso (cláusula 4.4 do PPT).

Permítese única e excepcionalmente a subcontratación de tarefas accesorias e complementarias, nos termos e condicións establecidas no artigo 215 da LCSP.

O contratista está obrigado a abonar aos subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican no artigo 216 da LCSP.

Sen prexuízo que a administración lle poida requirir ao contratista principal a acreditación do pago aos subcontratistas dos traballos subcontratados de conformidade co disposto no artigo 217 da LCSP, o responsable do contrato verificará que o contratista está a cumprir en relación cos pagos a subcontratistas que asumisen contractualmente co contratista principal o compromiso de realizar determinadas partes ou unidades de contrato. A tales efectos, o contratista deberá achegar con cada factura certificado dos pagos aos subcontratistas do contrato.

## CAPÍTULO VI-MODIFICACIÓN DO CONTRATO

### 27. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación ten a potestade de modificar o contrato nos termos dos artigos 203 a 207 da LCSP.

#### 27.1. Modificacións previstas no prego

As modificacións do contrato levarase a cabo no/s suposto/s, coas condicións, o alcance e os límites que se detallan.



Estas modificacións son obrigatorias para a empresa contratista e realizaranse de acordo co procedemento establecido.

En ningún caso a modificación do contrato poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

No caso de que dentro da vixencia do contrato as necesidades reais de altas de persoas usuarias ou o número de horas de prestación do servizo fosen superiores ás estimadas inicialmente, poderá modificarse o contrato como consecuencia de tal circunstancia nos termos previstos no artigo 204 da LCSP, a condición de que dita modificación non supere o 20% (IVA excluído) do prezo inicial do contrato.

A citada modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

Á modificación aplicaráselle o prezo/hora que corresponda consonte o prezos ofertados polo contratista e que figuren no contrato.

## **27.2. Modificacións non previstas no prego**

Ao abeiro do establecido no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego ou que, estando previstas, non se axusten ao establecido no parágrafo anterior, só poderán realizarse cando cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que se xustifiquen nalgún dos supostos previstos no artigo 205.2 da LCSP.
- b. Que se limiten a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fagan necesarias.

As modificacións que se axusten ao establecido no artigo 205 da LCSP serán obrigatorias para a empresa contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración da contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído. De concorrer este suposto, a tramitación esixirá acordo do órgano de contratación, logo da conformidade por escrito da empresa contratista que, de non a haber, implicará a resolución do contrato.

No caso de que as especificacións técnicas foran preparadas por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizo, antes do acordo de modificación, consonte ao artigo 205, daráselle audiencia ao seu redactor por un prazo máximo de tres días, para que formule as consideracións que teña por conveniente.

## **28. SUSPENSIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou esta se produza por aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.

Acordada a suspensión, a Administración aboará á empresa contratista, se é o caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, que se calcularán de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 208 da LCSP.



## CAPÍTULO VII -FINALIZACIÓN DO CONTRATO

### 29. EXTINCIÓN DO CONTRATO POR CUMPRIMENTO. RECEPCIÓN

O contrato extinguirase por cumprimento cando a empresa contratista realice a totalidade do seu obxecto de acordo co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

A recepción entenderase realizada coa conformidade ao pago da última factura polo responsable do contrato que deberá, a súa vez, emitir un certificado de que a execución se realizou de conformidade co exixido nos pregos. Este certificado será incorporado ao contrato.

Se os servizos non se atopan en condicións de seren recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas á empresa contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova execución concordante co pactado. Se, malia isto, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada como consecuencia de vicios ou defectos imputables á empresa contratista, a Administración poderá rexeitalos e quedará exenta da obriga de pagamento con dereito, se é o caso, a recuperar o prezo satisfeito ata daquela.

Poderá realizarse a recepción daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de seren executadas por fases e de seren utilizadas de forma separada ou independente.

### 30. RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211 (apartados do a) ao i) e 313 da Lei de contratos do sector público. Tamén serán causas de resolución do contrato as determinadas no apartado 6.2 do PPT.

Ao abeiro do artigo 211.2 da Lei de contratos do sector público, cando concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecera primeiro no tempo.

A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación consonte o disposto no artigo 212.1 da Lei de contratos do sector público mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a Administración polos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e perdas que deba indemnizar a empresa contratista corresponde ao órgano de contratación nunha decisión motivada logo da audiencia ao contratista e atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para o investimento proxectado e os maiores gastos que lle ocasione á Administración.

Para aplicar as causas de resolución estarase ao disposto no artigo 212 da Lei de contratos do sector público e para os seus efectos ao previsto nos artigos 213 e 313 da Lei de contratos do sector público, así como, se é o caso, no desenvolvemento regulamentario.

En ningún caso se poderán consolidar como persoal da Administración contratante as persoas que realizan os traballos obxecto do contrato de servizos cando este se extinga.

Os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos nun prazo máximo de 3 meses.

### **31. PRAZO DE GARANTÍA**

Establécese un prazo de garantía de 1 ano que se contará dende a data de emisión do certificado de execución polo responsable do contrato ao que fai referencia a cláusula 29 deste prego.

Durante este prazo a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado neste prego e no de prescricións técnicas. Unha vez transcorrido sen que se formulen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade da empresa contratista.

Durante o período de garantía, a empresa contratista estará obrigada a emendar, pola súa conta, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se poidan derivar das responsabilidades en que incorrese de acordo ao establecido neste prego e na LCSP.

### **32. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA**

O acordo de devolución ou cancelación da garantía ditarase unha vez transcorrido o prazo de garantía, cando a empresa contratista cumpra as obrigas derivadas do contrato, se non resultan responsabilidades que deban exercitarse sobre ela e se resolve sen culpa para aquela.

O acordo de devolución deberá ser adoptado e notificado á empresa interesada no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía.

No caso de recepción parcial, a empresa contratista só poderá solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía.

Transcorridos seis meses desde a data de finalización do prazo de garantía, procederase á devolución ou cancelación da garantía, sen máis demora, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 110 da LCSP, no caso de contratos de importe inferior a 100.000,00 €, ou cando a empresa reúna os requisitos de pequena ou mediana empresa definida no Regulamento CE núm. 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008.

### 33. CONFIDENCIALIDADE

33.1 Sen prexuízo do establecido no artigo 28.2 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoas e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, dado que este contrato require o tratamento pola empresa contratista de datos persoais por conta do responsable do contrato, faise constar:

a) A futura empresa contratista estará obrigada a someterse en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, sen prexuízo do establecido no último parágrafo do apartado 1 do artigo 202.

b) A empresa adxudataria estará obrigada a presentar antes da formalización do contrato unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e dende onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos.

c) A empresa adxudataria estará obrigada a comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada na declaración a que se refire a letra anterior.

d) Os licitadores deberán indicar na súa oferta, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

e) O contratista e o seu persoal queda expresamente obrigada a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento da súa función, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou empregar con fin distinto ao que esté determinado, nin tampouco ceder a outros nin sequer a efectos de conservación. Esta obriga terá carácter indefinido manténdose en vigor con posterioridade á finalización, por calquera causa, da relación entre as partes.

f) O cumprimento desta normativa cualifícase como condición especial de execución, tendo o carácter de obriga contractual esencial para os efectos do réxime de resolución deste contrato. En todo caso, e así como dispoñen os Pregos Técnicos, a empresa adxudataria do servizo asinará un Contrato de Cesión de Datos Persoais.

#### Identificación da información afectada

Para a execución do contrato, o encargado poderá ter acceso ás seguintes categorías de datos:

- Datos identificativos: Nome, apelidos, DNI, enderezo, data de nacemento, teléfono, dos usuarios do servizo.

- Datos especialmente protexidos: relixión, orixe étnica, datos relativos a saúde e discapacidade e malos tratos.
- Características persoais: datos de familia, sexo, nacionalidade, idade, data e lugar de nacemento.
- Circunstancias sociais: situación familiar, custodia, patria potestade.
- Datos económicos: datos bancarios.
- Categorías de afectados: Usuarios do SAF.

### 33.2 Obrigacións do encargado do tratamento

A duración do encargo de tratamento está vinculado ao contrato.

O encargado e todo o seu persoal obrígase a:

- a) Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- b) Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe calquera disposición en materia de protección de datos da Unión Europea ou da normativa nacional. O encargado informará inmediatamente ao responsable. No caso de non ter clara algunha instrución do responsable sobre o modo como ten que actuar o encargado respecto dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, antes de realizar ningún tratamento de datos algún, deberá poñerse en contacto co responsable do ficheiro e aclarar a citada instrución.
- c) Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable. A efectos de poder comprobar que o encargado do tratamento contratado ofrece garantías suficientes para aplicar medidas técnicas e organizativas apropiadas, de maneira que o tratamento sexa conforme cos requisitos do Regulamento Europeo de Protección de Datos e garanta a protección dos dereitos do interesado, o responsable do ficheiro poderá requirir ao encargado do tratamento información sobre as devanditas medidas tanto antes de contratar como durante a prestación do servizo. Así mesmo, se o responsable do ficheiro o considerase oportuno, poderá auditar os sistemas e soportes en que consten os datos de carácter persoal obxecto de tratamento.
- d) Non divulgar ou comunicar os datos a terceiras persoas. Isto último, salvo que conte coa autorización expresa e por escrito do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.
- e) Cando proceda, pseudonimizar e cifrar os datos persoais.
- f) O Encargado non poderá subcontratar ningunha das prestacións que forman parte do obxecto deste contrato. Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito o deberá comunicar previamente e por escrito ao responsable, indicando de forma clara e precisa todos e cada un dos tratamentos que se pretende subcontratar e identificando á empresa subcontratista e os seus datos de contacto.
- g) Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude deste encargo, incluso despois de que finalice o seu obxecto.

- h) Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarles convenientemente.
- i) Manter a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento da obrigaón establecida no apartado anterior.
- j) Garantir a formación necesaria e actualizada en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- k) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de: acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos.
- l) Notificación de violacións da seguridade dos datos: o encargado do tratamento notificará ao responsable do tratamento, sen dilación indebida e, en calquera caso antes do prazo máximo de 48 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.
- m) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando sexa necesario.
- n) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando proceda.
- o) Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigaóns, así como para a realización das auditorias ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.
- p) Implantar as medidas de seguridade: segundo dispon o apartado 2 da Disposición Adicional de Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía de dereitos dixitais, o encargado do tratamento deberá adoptar as medidas de seguridade que correspondan das previstas no Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, modificado polo Real Decreto 951/2015, do 23 de outubro.
- q) Destino dos datos: o encargado deberá devolver ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da acción da prestación.

Actividade de tratamento a incluír no rexistro de actividades:

Responsable	Concello de Santiago de Compostela
Finalidade do tratamento	Servizos sociais (SAF)
Base xurídica do tratamento	Art. 6.1: Cumprimento dunha misión en interese público
Delegado de protección de datos	dpd@santiagodecompostela.gal
Categoría de interesados	Usuarios do SAF
Categoría de datos	Datos identificativos persoais de usuarios/as, familiares dos/as

	usuarios/as e de representantes legais
Categoría de destinatarios	Concello de Santiago de Compostela
Transferencia internacionais	Non se prevén
Prazo de conservación dos datos	Mentres se poida derivar responsabilidade dada pola prestación do servizo
Medidas técnicas e organizativas	As previstas no Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, modificado polo Real Decreto 951/2015, do 23 de outubro

## CAPÍTULO VIII -LINGUA DA DOCUMENTACIÓN

### 35. LINGUA GALEGA

Todas as comunicacións se deriven deste contrato e que se dirixan ao Concello de Santiago de Compostela ou a calquera outra entidade ou persoa con sede ou domicilio no territorio de Galicia así como a actividade de divulgación ou publicidade a que dea lugar (rótulos, avisos, sinais informativos, folletos...) e as propias prestacións do contrato (materializadas en forma verbal ou documental) realizaranse en lingua galega de acordo co previsto Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O Director da Área de Recursos Humanos,  
Avaliación, Contratación e Réxime Interior, en  
ausencia da Xefa do Servizo de Contratación, en  
virtude da Resolución da Alcaldía núm. 2023/10068  
do día 11/08/2023

## ANEXO I -MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

(nome completo) ..... con documento de identidade número..... en nome propio ou en representación da empresa ..... con NIF ..... que representa neste procedemento de adjudicación do *servizo de axuda no fogar (SAF)*.

### MANIFESTO

Que coñezo o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas deste servizo, acepto íntegra e incondicionalmente o seu contido e me comprometo a executar o contrato con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos, nas seguintes condicións:

OFERTA ECONÓMICA		
<b>Prezo unitario ofertado (S/IVE)</b>	en letra:	euros
	en número:	€
<b>IVE 4%</b>	en letra:	euros
	en número:	€
<b>Prezo unitario ofertado (C/IVE)</b>	en letra:	euros
	en número:	€
<b>CRITERIOS SOCIAIS DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO <sup>(1)</sup></b>		
Compromiso de elevar, cada ano contractual, as xornadas do persoal de atención directa nun 5% sobre as xornadas parciais, de acordo co establecido na cláusula 10.2 B) do PCAP		
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non		
<b>MELLORAS TECNOLÓXICAS <sup>(1)</sup></b>		
Compromiso de posta a disposición e activación dunha app de comunicación con familiares, compatible e integrado co sistema informático municipal, de acordo coa cláusula 10.2 C) do PCAP		
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non		

(1) Marque o que proceda.

Para todos os efectos, esta oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP

(Sinatura e selo da persoa titular da empresa licitadora)



## ANEXO II -MODELO DE DECLARACIÓN DE UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (UTE)

(nome completo) .....  
con domicilio en ..... e documento de identidade número ..... en nome propio ou como ..... (sinalar as facultades de representación: administrador/a único/a, apoderado/a) en representación da empresa ..... con domicilio social en ..... , NIF ..... , teléfono ..... e enderezo electrónico ..... **E**

(nome ..... completo)  
..... con domicilio en ..... e documento de identidade número ..... en nome propio ou como ..... (sinalar as facultades de representación: administrador/a único/a, apoderado/a) en representación da empresa ..... con domicilio social en ..... , NIF ..... , teléfono ..... e enderezo electrónico .....

### **DECLARAN**

Que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas, con cadansúa participación do .....% e do .....%, e que nomean representante ou apoderado único da unión, con poderes cumpridos para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción a (nome completo) .....

### DATOS PARA PRACTICAR COMUNICACIÓNS Á UTE

Enderezo: .....

(rúa, número, CP, localidade, país)

Persoa responsable: .....

Correo electrónico: .....

(ao abeiro da disposición adicional 15ª da LCSP)

Nº de teléfono: .....

E como proba de conformidade con esta declaración, asinámola en ..... , o ..... de..... de 20...

Asdo.:

Selo da empresa

Asdo.:

Selo da empresa

### ANEXO III -ORIENTACIÓNS PARA CUBRIR O DEUC

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado polo DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) núm. 2016/7, indícase o seguinte:

- a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado “Información xeral”, do formulario normalizado polo DEUC , as empresas que figuren inscritas nunha “listaxe oficial de operadores económicos autorizados” só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas “listas oficiais”.  
Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 339 da LCSP, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria que para o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (endereço da internet, todos os datos de identificación de consentimento).
- b) Para o caso de que a empresa se atope inscrita no ROLECSP ou no RXCG, esta recomendación indica, a continuación, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dados que algúns destes datos deben ser subministrados, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, e a empresa debe asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, de estaren, non están actualizados, no seu caso concreto.
- c) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá exixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir aos licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo rexistro de licitadores que corresponda [ROLECSP ou RXCG].

#### Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

A súa formalización non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.

## Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita neles ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non figuraren en poder do ROLECSP ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir non formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que consten nel de maneira actualizada.

### Parte II. Información sobre o operador económico

<b>Sección</b>	É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECSP ou RXCG?
<b>Sección A</b>	
Identificación	Os datos incluídos neste punto deben ser cubertos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trate de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trate de empresas extranxeiras.
<b>Información xeral:</b>	
Se é o caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)?	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non procede
En caso afirmativo:	
- Rexistro en que está inscrito e número de inscrición.	<input type="checkbox"/> ROLECSP <input type="checkbox"/> Rexistro Xeral de Contratistas da CA de Galicia
- Certificación en formato electrónico	<input type="checkbox"/> ROLECSP: <a href="https://registrodelicitadores.gob.es">https://registrodelicitadores.gob.es</a> , Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa)

<p>Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adxudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente?</p> <p>Dispoñible en formato electrónico</p>	<p><input type="checkbox"/> Rexistro Xeral de contratistas da CA de Galicia: núm. de inscrición: _____.</p> <p><a href="http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos">http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos</a></p> <p>NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Poñer o enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación</p> <p><input type="checkbox"/> Rexistro Xeral de contratistas da CA de Galicia:</p> <p><a href="http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos">http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos</a></p>
<b>Forma de participación.</b>	
<p>Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?</p>	<p><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p>
<p>En caso afirmativo</p> <p>b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente</p>	<p>Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa.</p> <p>No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar:</p> <p><input type="checkbox"/> ROLECSP:</p> <p><a href="http://registrodelicitadores.gob.es">http://registrodelicitadores.gob.es</a>, Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa)</p> <p><input type="checkbox"/> Rexistro Xeral de Contratistas da CA de Galicia: núm. de inscrición: _____.</p> <p><a href="http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos">http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos</a></p>

Na parte II, na letra B, denominado Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario que sexa cuberta se o licitador está no ROLECSP ou non RXCG e figura a información actualizada.

<b>Sección B</b>	
Representación	
Nomes e apelidos: Cargo: Enderezo postal: Teléfono: Correo electrónico: Información sobre a representación (forma, alcance, finalidade...):	NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS

### Parte III. Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no \* ROLECSP e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, núm. de sección	DN	LCSP
Sección A	Artigo 57.1	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social)
Sección B	Artigo 57.2	Artigo 71.1; Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social)  Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso.  Letra f) (cando se trate de

		sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
Sección C		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a)	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia)  Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2% de empregados con discapacidade)
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b)	Artigo 71.1.c)
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c)	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional)
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d)	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia)
Quinta pregunta	Artigo 57.4.e)	Artigo 71.1.g) e 71.1.h)
Sexta pregunta	Artigo 57.4.f)	Artigo 70
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g)	Artigo 71.2.c) e 71.2.d)
Oitava pregunta		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h)	Artigo 71.1.e), 60.2.a) e 60.2.b)
Letra d)	Artigo 57.4.i)	Artigo 71.1.e)
Sección D	*****	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións? Se é afirmativo especifíquese	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <hr/>
	Se é afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Describa as medidas:

--	--

#### Parte IV. Relativa aos criterios de selección

Convén destacar, respecto da parte IV que, **se o operador económico responde SI** no punto titulado “Indicación global relativa a todos os criterios de selección” non ten que cubrir os puntos seguintes:

- A. Idoneidade
- B. Solvencia económica
- C. Capacidade técnica e profesional
- D. Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

#### Parte V. Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos a que se convidará a presentar a oferta

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

#### Parte VI. Relativa ás declaracións finais

Esta parte debe ser cuberta e asinada pola empresa interesada en todo caso.



#### ANEXO IV - MODELO DE DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC

(nome) ..... con documento de identidade número..... en nome propio ou en representación da empresa .....con NIF ..... no procedemento de adxudicación do *servizo de axuda no fogar (SAF)*.

PRIMEIRO: Que nin a empresa, en nome da cal actúo, nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións para contratar coa Administración por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71 da LCSP

SEGUNDO: Que non formo parte dos órganos de goberno ou administración da entidade nin son un alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin son ningún dos cargos efectivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nelas.

TERCEIRO: Que esta empresa se atopa nestes momentos ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que estas se definen nos artigos 13 e 14 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (en diante RXLCAP), e non ten débedas tributarias pendentes de pagamento co Concello de Santiago de Compostela nos termos previstos no artigo 7.1 d) do real decreto citado anteriormente.

CUARTO: Que a declaración responsable a que se refiren os parágrafos anteriores se fai sen prexuízo da obriga de xustificar documentalmente as devanditas circunstancias no suposto de resultar proposto como empresa adxudicataria do contrato, no prazo que sinala o órgano de contratación anterior á adxudicación definitiva do contrato.

QUINTO: Para os efectos do previsto no art.140 da LCSP que a empresa está validamente constituída e que consonte o seu obxecto social pode presentarse á licitación, así como que, como asinante, posúo a debida representación para presentar a proposición.

SEXTO: Que a empresa que represento non se atopa dada de baixa no censo do imposto de actividades económicas na matrícula correspondente, segundo o artigo 15 do RXLCAP e, en seu caso:

- Epígrafe ou epígrafes de matrícula do imposto (IAE) nos que está dado de alta: .....
- Está exenta do pagamento do imposto (IAE).
- Está ao corrente no pagamento do imposto (IAE).

SÉTIMO: Que está inscrita

no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (Decreto 262/2001), co número de inscrición..... e manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

OITAVO: Que, en relación co establecido no artigo 140 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas e a ao abeiro do artigo 42.1 do Código de Comercio, a empresa que represento:

pertence ao grupo de empresas ..... (Achego anexo coa relación das empresas pertencentes ao grupo).

non pertence a ningún grupo de empresas do Sector Público.

NOVENO:

- Que a empresa que representa emprega: (marque o cadro que corresponda)

Menos de 50 traballadores

50 ou máis traballadores e (marque o cadro que corresponda)

Cumpre a obriga de que entre eles, polo menos, o 2% sexan traballadores con discapacidade, establecida polo Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundindo da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Cumpre as medidas alternativas previstas no Real Decreto 364/2005, de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor de traballadores con discapacidade.

- Que a empresa que represento cumpre coas disposicións vixentes en material laboral e social.

- Que a empresa que represento: (marque a casa que corresponda)

Emprega máis de 250 traballadores e cumpre co establecido no apartado 2 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.

Emprega 250 traballadores ou menos e en aplicación do convenio colectivo aplicable, cumpre co establecido no apartado 3 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.

En aplicación do apartado 5 do artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, a empresa non está obrigada á elaboración e implantación dun plan de igualdade.

DÉCIMO: Que me comprometo a adscribir ao contrato os medios persoais e materiais necesarios para a súa execución.

DÉCIMO PRIMEIRO: (marque a casa que corresponda)

- Non teño prevista a subcontratación dos servidores nin dos servizos asociados aos mesmos.
- Teño prevista a subcontratación dos servidores e servizos asociados aos mesmos.

DÉCIMO SEGUNDO: Declaro como confidencial a seguinte documentación. (Deberá motivarse a declaración de confidencialidade de ditos documentos).

- Documentos incluídos como confidenciais. Poderán presentarse como documento anexo determinando a súa confidencialidade e a motivación de dita declaración.
  -
- Motivación da declaración de confidencialidade.
  -

DÉCIMO TERCEIRO: Que, de acordo co sinalado no artigo 140 da LCSP, esta empresa cumpre todas as condicións establecidas no prego de condicións administrativas particulares sobre a capacidade de obrar e xurídica, a habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia para contratar co Concello de Santiago de Compostela.

DÉCIMO CUARTO: Declaro que a miña empresa é (marque o que proceda):

- É unha PEME
- Non é unha PEME

Ademais,

**AUTORIZO**, de conformidade cos artigos 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao órgano contratante a consultar os datos que de seguido se indican (márquese o que corresponda):

- Acceder aos datos do ROLECSP e do Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia
- Consulta datos de identidade de persoas físicas
- Estar ao corrente de pagamento, para os efectos de contratar coas administracións públicas, coa Seguridade Social
- Estar ao corrente, para os efectos de contratar coas administracións públicas, no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Estar ao corrente, para os efectos de contratar coas administracións públicas, no pagamento de obrigas tributarias con este concello.
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes

**Manifesto a miña oposición expresa** a que se consulten os seguintes datos:

a) \_\_\_\_\_

b) \_\_\_\_\_

**Comprométome** a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: .....

E, para que conste e produza efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asínoa en (lugar) o (data).

(sinatura do proponente)

## ANEXO V - DECLARACIÓN PARA OS EFECTOS DE INTEGRAR A SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS

OBXECTO DO CONTRATO: *servizo de axuda no fogar (SAF)*.

O LICITADOR:

(nome completo). .....  
con DNI núm. .... en nome propio ou como .....  
(sinalar as facultades de representación: administrador/a único, apoderado/a) en  
representación da empresa ..... con NIF núm.  
....., **DECLARA** que para a acreditación da solvencia esixida para esta  
licitación vaise basear nas capacidades e medios de:  
.....

A ENTIDADE:

(nome completo). .....  
con DNI núm. .... en nome propio ou como .....  
(sinalar as facultades de representación: administrador/a única, apoderado/a) en  
representación da empresa ..... con NIF núm.  
....., **DECLARA**

---

a) Que coñezo o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación que debe rexer este contrato.

b) Que cumpro as condicións de solvencia económica financeira e/ou solvencia técnica profesional esixida neste prego e comprométese a **presentar os documentos que acrediten** o cumprimento dos ditos requisitos en calquera momento que así o solicite o órgano de contratación e en todo caso, no suposto de que a proposta de adjudicación recaia a favor do licitador arriba indicado.

(Para o caso de integración de solvencia económica e financeira)

c) Que poño a disposición do licitador arriba indicado, os medios económicos financeiros necesarios para garantir a execución do contrato, **respondendo solidariamente fronte ao Concello de Santiago de Compostela**

(Para o caso de integración de solvencia técnica e profesional)

c) Que poño a disposición do licitador arriba indicado, os seguintes medios técnicos profesionais

---

## MEDIOS

E, como proba de conformidade, asinamos esta declaración en  
....., o..... de ..... de 20

## ANEXO VI -MODELO DE PRESENTACIÓN DE SOLVENCIA ECONÓMICA DO ADXUDICATARIO

(Que teña depositadas as contas anuais en Rexistros oficiais)

(nome completo). .....  
con DNI núm. .... en nome propio ou como .....  
(sinalar as facultades de representación: administrador/a único, apoderado/a) en  
representación da empresa ..... con NIF núm.  
....., que para a acreditación da SOLVENCIA ECONOMICA esixida  
para a contratación do *servizo de axuda no fogar (SAF)*.

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

**Para empresas adxudicatarias que teñan depositadas as contas no Rexistro Mercantil**

Que, os datos que a continuación se expresan, correspóndense fielmente cos que figuran nas Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro, **da que se achega copia** e refírense ao exercicio do ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos

REXISTRO	EXERCICIO	VOLUME ANUAL DE NEGOCIO
No que se depositaron as contas		(IVE excluído)

**Para empresas adxudicatarias que teñan depositadas as contas noutro Rexistro Oficial**

Que, os datos que a continuación se expresan, correspóndense fielmente cos que figuran nas Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro, **da que se achega copia** e refírense ao exercicio do ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos.

REXISTRO	EXERCICIO	VOLUME ANUAL DE NEGOCIO
No que se depositaron as contas		(IVE excluído)

E, como proba de conformidade, a efectos de acreditar a solvencia económica para concorrer á licitación enunciada, asíñase esta declaración en \_\_\_\_\_,

o..... de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asdo.:

Selo da empresa

## ANEXO VII -MODELO DE PRESENTACIÓN DE SOLVENCIA ECONÓMICA DO ADXUDICATARIO

(Que NON teña depositadas as contas anuais en Rexistros oficiais)

(nome completo). .....  
